

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004460	CEIP de Ardán	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (retos, tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

No presente curso, no C.E.I.P. de Ardán, temos un grupo mixto de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil, formado por 13 nenos/as de 3, 4 e 5 anos.

o O grupo de 4º de EI está composto por cinco alumnos/as.

o O grupo de 5º de EI consta de catro alumnas/os.

o O grupo de 6º de EI está composto por catro alumnas/os.

Ademais dos titores, o centro consta con mestres especialistas en Música, Inglés, Relixión e Educación Física, que imparten docencia en Infantil, así como unha especialista en A.L., e outra en P.T. compartida con outros centros.

O centro está situado nunha zona rural próxima á costa e a pouca distancia de dous núcleos de poboación de máis entidade, Bueu e Marín, este último cabeza do concello ao que pertence o centro.

A maioría das familias están relacionadas coa pesca ou co sector servizos en empresas da comarca. Os nenos e nenas, en xeral, teñen cubertas as súas necesidades básicas, e móstranse alegres e comunicativos.

A etapa da Educación Infantil constitúe un tramo formativo que será referente esencial para o desenvolvemento. Nela, os nenos identificaranse progresivamente como persoas individuais, irán adquirindo os instrumentos necesarios para actuar no seu contorno inmediato, axustarán de forma progresiva a imaxe de si mesmos e ampliarán as relacións cos iguais, cada vez máis significativas e importantes. Producirase un avance importantísimo no dominio da linguaxe oral, así como na función de regulación e planificación da propia actividade.

A ordenación desta fase educativa compaxina unha estrutura conxunta como etapa, nun sistema cunha fundamentación psicolóxica e sociolóxica, cunha estrutura interna en ciclos e cursos que facilitan, de forma gradual, a adaptación aos grandes propósitos formativos cunha necesaria atención ás diferenzas que os alumnos mostran nas fases concretas da súa evolución.

Constitúe unha etapa educativa, con identidade propia, que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade. Ordénase en dous ciclos. O primeiro comprende ata os tres anos, e o segundo, desde os tres aos seis anos de idade.

Con obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais e pais ou titores nesta etapa, os centros de educación infantil cooperarán estreitamente con eles.

Ten carácter voluntario e a súa finalidade é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos.

Atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e os hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

Os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

Fomentarse unha primeira aproximación á lingua estranxeira, tamén unha primeira aproximación á lectura e á

escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación e na expresión visual e musical.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	<p>relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional...).</p> <p>Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación no centro e na aula. Incluirase aquí o periodo de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén todas aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, novos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc...</p>	40	X	X	X
2	Coñézome / Así son eu	<p>Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento a través do descubrimento do seu propio corpo. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...</p> <p>Levaremos a cabo propostas centradas na exploración activa do corpo relacionando o movemento coa expresividade tanto corporal coma oral, iniciando o coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos para favorecer o aumento do seu repertorio comunicativo. Iniciaremos ao alumnado no coñecemento e reprodución de cantigas, xogos de palabras, identificación de elementos de imaxes... sempre de forma activa, lúdica e manipulativa.</p>	40	X		
3	Arte-llando	<p>Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles. Todas as actividades partirán da liberdade, intentando non ofertar modelos que estereotipen a práctica do noso alumnado, fomentando sempre a creatividade e a expresión persoal de cada nena e neno.</p>	40	X		
4	O humor	<p>Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo, cultura ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións...</p> <p>Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas actividades de descubrimento onde iniciemos ao alumnado na busca de información, recopilación e interpretación da mesma. Sempre empregando diferentes formatos e soportes favorecendo a accesibilidade de todo o noso alumnado.</p>	40		X	
5	Mundo vexetal	<p>Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados coa comunicación e representación da realidade do mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura...</p>	40		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Mundo vexetal	As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, comprensión dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...	40		X	
6	Mundo animal	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a representación e comunicación da realidade do mundo animal, xa sexa coñecendo un en concreto ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, ou a súa relación cos seres humanos. As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario asociado, descripción de animais segundo as súas características singulares, así como a descripción do seu hábitat, participación en actividades de elaboración de información relacionada co tema...	40			X
7	Onde eu vivo	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información en diferentes soportes, adaptadas a súa idade, sobre diferentes temas para poder coñecer diferentes aspectos e iniciais en accións de difusión realizando sinxelas producións en ambas linguas oficiais.	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Escoita e interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñézome / Así son eu	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas.

Contidos

- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte-llando	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Respecto cara ás producións alleas. - Planificación da acción en producións plásticas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	O humor	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.

Contidos

- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
5	Mundo vexetal	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
6	Mundo animal	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.

Contidos

- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	Onde eu vivo	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo?) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	TI
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa oinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa oinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Ampliación do repertorio lingüístico individual.- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.- Memorización e recitado de textos literarios.- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.- Respecto polas producións alleas.- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

Contidos

- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e máis neste primer curso do segundo ciclo no que se están a iniciar na súa comunicación coa contorna máis aló do seu núcleo familiar. Como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes comecen a desenvolverse, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- As unidades didácticas terán actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creación das crianzas
- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, proxector, conexión a internet, robots , reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

Neste cuarto curso de E ducación Infantil, nos primeiros días de setembro, farase unha entrevista inicial cos pais ou titores legais. Posteriormente, farase esta avaliación inicial.

A avaliación será global, continua e formativa.

Tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo, nesta área.

A observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación. O finalizar o curso escolar, farase un informe final de curso. Así como se avaliará a práctica docente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecar a programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
O tempo será flexible, de xeito que nos permita adecualo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e ritmos dos nenos e nenas. A organización do tempo en Educación Infantil debe respectar as necesidades do alumnado. Ademais combinaranse tempos de actividade con períodos de descanso, así como actividades individuais e en grupo. É preciso unha adecuada planificación da xornada escolar. Nesta planificación haberá que manter unhas constantes temporais ou rutinas coma o saúdo á entrada, a asemblea, o aseo, o tempo de almorzo, o xogo por recantos, a realización de actividades en grupo e individuais, a despedida... que lle servirán aos nenos e nenas para interiorizar a noción de tempo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

Atender á diversidade supón recoñecer que cada neno ou nena é unha persoa única e irrepetible, coa súa propia historia, afectos, motivacións, necesidades, intereses, estilo cognitivo, sexo, etc. Isto esixe que a escola ofrezca respostas adecuadas a cada un. É necesario que o titor ou titora, considerando e respectando as diferenzas persoais, planifique o seu traballo de forma aberta, diversa, flexible e positiva, para que ao levarse á práctica, permita acomodarse a cada persoa, potenciando ademais os diversos tipos de intereses que aparecen en nenos e nenas cando se centran máis en propostas dun ou outro tipo: experimentación, comunicación, motora, expresión.

A atención á diversidade guíase polo principio de favorecer e estimular o benestar e o desenvolvemento de todos os nenos e nenas, aproveitando as diferenzas individuais existentes na aula. É necesario suscitar situacións didácticas que respondan a diferentes intereses e niveis de aprendizaxe, e permitan traballar dentro da aula en pequenos grupos tendo en conta a curiosidade e interese diferenciado de cada cal.

A concepción da escola como grupo humano conleva a aceptación da diversidade dos alumnos e das alumnas que, como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón, por parte dos educadores e das educadoras, unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas, aceptando que cada un deles ten os seus propios intereses, capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

A fin de garantir a equidade, a Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

Cando falamos de alumnos e de alumnas con necesidades educativas específicas, referímonos aos nenos e ás nenas que proceden doutros países e culturas, aos que posúen altas capacidades intelectuais e a aqueles con atraso no seu desenvolvemento madurativo ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos.

A adecuada resposta educativa a todos os alumnos e as alumnas concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que únicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos e todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todos os alumnos e as alumnas; é dicir, trátase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Neste proxecto, para dar resposta a estes alumnos e alumnas, adoptaránse e utilizaránse estratexias como as seguintes:

¿ Modificación do tempo das aprendizaxes

¿ Adecuación da axuda pedagóxica

¿ Adecuación da metodoloxía: o traballo individual, en parellas, en pequeno grupo e en gran grupo posibilita secuencias educativas nas que a aprendizaxe ten carácter cooperativo, resultando beneficioso para todos, á vez que posibilita o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.

¿ Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas.

Xa que logo, realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen os doutros. Propoñeremos no material elaborado diversas posibilidades de actividades para desenvolver as intelixencias múltiples, o que amplía o abanico de posibilidades de intervir á hora de abordar cada contido concreto e específico. Os educadores e as educadoras seleccionaremos as actividades de reforzo ou ampliación convenientes para os alumnos e alumnas.

Preséntaremos un gran número de recursos didácticos para o desenvolvemento da linguaxe e das habilidades lóxico-matemáticas, actividades relacionadas co ámbito musical e psicomotor que, en todo momento, requirirá a colaboración da familia como complemento á atención á diversidade.

Para conseguir unha oferta educativa de calidade, en particular para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas específicas, os profesores e as profesoras da Educación Infantil colaborarán cos profesionais especializados necesarios, co fin de introducir as adaptacións adecuadas para a atención destes alumnos. Estas adaptacións poden ser non significativas si afectan a determinados elementos do currículo (metodoloxía, actividades, avaliación), pero non modifican os obxectivos; e significativas, si afectan aos elementos básicos da programación do nivel da Educación Infantil.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz		X	X	X		X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X					
ET.3 - Educación para a saúde	X					
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X		X			
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X			
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A nosa pequena creación	Visitaremos a horta escolar alomenos tres veces durante o curso, unha cando as prantas están recién prantadas , outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto e froitos do outono	Faremos fotos en distintos espazos do colexio que logo se exporán como aportación aos proxectos solidarios que se fagan no colexio.			
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.			

Observacións:

Samaín: Faremos unha exposición de cabazas e viremos disfrazados da casa. Faremos unha pequena festa no ximnasio; cantaremos e bailaremos cantigas do Samaín e visionaremos algunha peli ou curta relacionada coa temática.

¿ Magosto: Pediremos castañas ás familias (xa picadas), e coa axuda da ANPA, celebraremos esta festa no patio, non sendo que chova que pasaríamos a celebralo no ximnasio.

¿ Exposición de froitos de outono, refráns e receitas aportadas polas familias.

¿ Nadal: Faremos unha celebración no ximnasio. Cantaremos panxoliñas. Coa volta ás aulas visitaranos Papa Noel (membros da ANPA)

¿ Día da Paz: Elaboraremos algunha manualidade para levar para casa e faremos unha pequena celebración no ximnasio. Cantaremos cantigas sobre a Paz.

¿ Salón do Libro: Elaboración de traballo por tódolos niveis relacionado coa temática proposta polo Salón do libro de Pontevedra. No presente curso a temática será a. Traballaremos sobre a temática, elaboraremos unha maqueta ou libro e enviáremolo ó Salón. Todo o centro visitará a exposición do Salón do libro.

¿ Entroido: Elaboraremos un libriño sobre o Entroido, prepararemos os disfraces e faremos unha festa con merenda coa axuda da ANPA

¿ Día do Libro: Farase unha exposición dos contos favoritos dos nenos

¿ O Maio: Elaboraremos un Maio co resto do alumnado do centro, ensaiaremos as nosas coplas e festexarémolo no noso Patio

¿ Semana das Letras Galegas: Farase un libriño sobre o autor homenaxeado e decorarase o centro coas súas caricaturas

¿ Festival de fin de curso: Cada nivel preparará unha actuación

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.

Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.

Fomento a autoavaliación e a coavaliación.

Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.

Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. A estrutura física do colexio (ten catro andares) dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil, especialmente en 3 anos e reduce de xeito significativo a duración das sesións.

.-Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas para coordinar as clases das dúas liñas deste nivel.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

RELIXIÓN EVANXÉLICA 6º E.I.

Curso: 2023/2024

CEIP ARDÁN

CÓDIGO DO CENTRO: 36004460

Enderezo		C.P.
C/Ardán		36.912
Localidade	Concello	Provincia
Marín	Marín	Pontevedra
Tlf.	Fax	Correo electrónico
886151331		ceip.ardan@edu.xunta.gal
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan	

ALEXANDRA CARREGAL LÓPEZ

Índice

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.....	4
3. Unidades didácticas:.....	6
3.1. Relación de unidades didácticas e temporalización.....	6
3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas e instrumentos de avaliación.....	7
4. Metodoloxía:.....	15
4.1. Concrecións metodolóxicas.....	15
4.2. Materiais e recursos didácticos.....	15
5. Avaliación:.....	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial.....	16
5.2. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación.....	16
6. Medidas de atención á diversidade.....	16
7. Transversal:.....	17
7.1. Concreción dos elementos transversais.....	17
7.2. Actividades complementarias.....	17
8. Práctica docente:.....	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.....	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.....	18

1. Introducción.

A constitución de España como un Estado social e democrático de Dereito, que garante a liberdade relixiosa e de ensinanza, así como a igualdade de todos os españois ante a lei, tradúcese no ámbito da educación, no dereito que asiste a cada pai de elixir para os seus fillos a formación relixiosa e moral que esté dacordo coas súas propias conviccións (artigo 27.3 da Constitución).

A Ensinanza Relixiosa Evanxélica pretende contribuir á formación integral do alumno, sentindo unha gran preocupación pola educación dende os seus inicios na infancia. É nesta idade cando os nenos comezan a desenrolar a súa personalidade e a coñecer o mundo que os rodea. Entendemos que non podería existir unha formación integral se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as que se atopa a capacidade trascendente.

Na Etapa de Educación Infantil a área de Ensinanza Relixiosa Evanxélica ten como obxeto contribuir a que cada alumno adquira as capacidades que lle permitan comprender o sentido da experiencia relixiosa, entendéndose ésta -dende unha perspectiva bíblica- como a resposta do ser humano á revelación de Deus. Preténdese acercar ao neno aos principios do cristianismo, axudarlle a descubrir a Deus e que desenrole as súas facultades de expresión e se poida iniciar na comunicación con Deus.

Na Educación Infantil atenderase progresivamente o desenvolvemento afectivo, o movemento e os hábitos de control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, as pautas elementais de convivencia e relación social, así como o descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven. Ademais facilitarase a elaboración dunha imaxe de sí mesmos positiva e equilibrada e a adquisición da autonomía persoal.

A síntese da mensaxe cristiá fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén o desenvolvemento de destrezas e habilidades.

A Ensinanza Relixiosa Evanxélica articularase en torno a uns centros de interese que garantan o desenvolvemento dos aspectos fundamentais do currículo desta ensinanza, intentando contribuir á consecución das competencias e capacidades que perseguen os obxetivos da etapa e servirmos dos logros que os nenos consigan noutras áreas.

Empregaranse os recursos que fagan posible a comprensión da experiencia relixiosa a esta idade e acercarase o neno as ensinanzas bíblicas máis elementais presentándolles a Xesús como un amigo.

Por outra parte, a inserción creativa nos grupos de pertencenza que pretende toda ensinanza evanxélica propicia as relacións persoais e fomenta a tolerancia e o sentido crítico. Isto vai posibilitar que o alumno coñeza e interprete a realidade de xeito que poda intervenir nela de forma responsable, creativa e constructiva.

Para a elaboración desta programación tense en conta o currículo vixente e o borrador do novo currículo de ensinanza relixiosa evanxélica adaptado a LOMLOE.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

Obxectivos da área	Competencias Clave (descriptores operativos)							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX 1. Coñecer e apreciar a Biblia como o libro a través do cal Deus falou e fala, identificando as súas partes e mostrando respecto por ela.	1 2 3		4	1 3 4	1 2 3 4 5	2 4	1 3	1 2 3
OBX 2. Identificar personaxes da Biblia, descubriendo como Deus lles falaba e considerando os seus modelos de conducta.	1 5	2		3	1 5		2	3
OBX 3. Coñecer os elementos básicos da vida na igrexa relacionándoa coa familia de Deus.	1 2 5	1	4	1 3	1 3 4 5	1	3	1 3 4
OBX 4. Participar no coidado do medio natural a partir do coñecemento do amor e do coidado de Deus á súa creación.	1 2 4	3	3	2 3	1 3 5	1 2 3	2 3	1 2 4
OBX 5. Identificar trazos do ser humano e estimar a súa dignidade como ser superior da creación.	1 5	1	3 4	1 3 5	1 3	1 2 3 4	1	3 4
OBX. 6. Coñecer a vida de Xesús e algunhas das súas ensinanzas, apreciando o seu amor e sacrificio.	1 2			3	1 5		3	4

Objetivos da área	Competencias Clave (descriptores operativos)							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX 7. Valorar a familia como lugar de expresión do amor e configuración das primeiras crenzas, examinando diversas familias da Biblia.	3 5	3		1 3	1 2 3	1 2 3		3
OBX 8. Usar estratexias de relación con Deus para expresar gratitude, adoración, loanza, petición,....	2 4 5	3	2 3 5	2 3 5	1 2 3	1 2 3 4	1 3	3
OBX 9. Recoñecer o plan de Deus para a súa vida a través do seu desenvolvemento físico, mental e emocional e espiritual.	1 2 3 4		1 4 5	1 3	1 2 4	1 2 3	1 3	1 3 4
OBX 10. Manifestar o amor cristián polos demais a través de xestos, axuda, perdón, compartir,...	4 5			2 3	1 4			3 4
OBX 11. Expressar e compartir os seus coñecementos bíblicos en situacións da vida cotián nas que participa.	1 2 5	3			1 4	2 3	1 3	3 4

Lenda:

- CCL: Competencia en comunicación lingüística.
- CP: Competencia plurilingüe.
- STEM: Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- CD: Competencia dixital.
- CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- CC: Competencia cidadá.
- CE: Competencia emprendedora.
- CCEC: Competencia en conciencia e expresións culturais.

3. Unidades didácticas:

3.1. Relación de unidades didácticas e temporalización.

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1ºT.	2ºT.	3ºT.
1	Brilla!	Nesta situación de aprendizaxe comezaremos o curso coa proposta de brillar e dar o mellor de nós.	12,5	3	X		
2	Grazas!	O obxectivo de esta unidade é valorar os agasallos de Deus e ser agradecidos.	12,5	8	X		
3	O mellor agasallo do mundo!	A través desta unidade celebraremos a ledicia do Nadal.	12,5	3		X	
4	Deus fíxome único!	O obxectivo de esta unidade é valorar as nosas cualidades únicas e agradecer a Deus a súa bondade.	12,5	3		X	
5	Viva a amizade!	O obxectivo de esta unidade é valorar a os amigos e a vida en paz e armonía.	12,5	4		X	
6	O fermoso agasallo da familia	Nesta situación de aprendizaxe coñeceremos o agasallo da vida en familia.	12,5	3			X
7	Unha relación especial	Nesta situación de aprendizaxe traballaremos distintas formas de achegarnos a Deus: a Biblia, a oración, o agradecemento, o loubor, ...	12,5	6			X
8	Bo traballo!	O obxectivo de esta unidade é valorar o esforzo e o traballo de todo o curso.	12,5	3			X

3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas e instrumentos de avaliación.

Relixión evanxélica (E.I.)

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
1	Brilla!	3

Criterios de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA8 – Coñecer accións e momentos da vida de Xesús, identificalos nos relatos, comprender aspectos básicos das súas ensinanzas e aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.	TI	Escoita con atención o relato das ensinanzas de Xesús.	50
CA4 – Discriminar situacións e accións que son expresións do amor fraterno doutras que non o son e valorar a convivencia da Igrexa como familia da fe.	TI	Discrimina entre distintas accións exemplos da forma de brillar no seu entorno.	50

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C2.3 – Escoita activa do relato da ensinanza de Xesús sobre a luz do mundo.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C2.5 – Curiosidade por coñecer o que a Biblia ensina sobre Xesús.
C3.3 – Acercamento as ensinanzas clave de Xesús.
C6.4 – Valoración da obediencia coma resposta ao amor de Deus.
C7.2 – Recoñecemento e valoración das normas bíblicas de relación: compartir, perdoar, servir...
C7.6 – Valoración de factores e prácticas cotiás que favorecen a saúde e a convivencia.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
2	Grazas!	8

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1 – Amosar interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica, iniciarse no seu uso, identificar o Antigo e Novo Testamento, participar na escoita activa de textos bíblicos, recoñecer personaxes e desenvolver estratexias de memorización de versículos.	TI	Amosa interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica e escoita con atención o relato bíblico da Creación.	25
CA5 – Diferenciar o creado por Deus do feito polo home a partir da identificación de elementos incluídos no relato bíblico da Creación.	TI	Comprende que Deus é creador e expresa a través de creacións artísticas que como seres creados a imaxe de Deus tamén somos orixinais e creativos.	25
CA6 – Amosar respecto cara o entorno natural, participar en actuacións relacionadas co seu coidado e facer propostas para tal fin.	TI	Valora a beleza e o amor de Deus na creación e pon exemplos de como coidar os agasallos de Deus.	25
CA13 – Participar en actividades colectivas e entornos diversos compartindo os seus coñecementos bíblicos e diferencialos doutros elementos relixiosos e culturais.	TI	Compartir cos compañeiros as súas producións.	25

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C2.1 – Identificación da Biblia coma o libro a través do que Deus nos fala.
C2.3 – Escoita activa do relato bíblico.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C2.7 – Memorización de versículos bíblicos significativos.
C6.1 – Recoñecemento do amor, coidado e fidelidade de Deus.
C6.3 – Identificación de características persoais de Deus: coñéceme, mírame, escóitame, axúdame...
C1.1 – Descubrimento do mundo natural coma creación de Deus.
C1.2 – Identificación de elementos incluídos no relato bíblico da Creación.
C1.4 – Enumeración de accións que axudan a coidar a súa contorna natural.
C1.5 – Valoración da dignidade do ser humano por ser creado a imaxe e semellanza de Deus. Percepción do amor e do coidado de Deus.
C7.6 – Valoración de factores e prácticas cotiás que favorecen a saúde e a convivencia.
Día de acción de grazas.
Día contra a violencia de xénero.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
3	O mellor agasallo do mundo!	3

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1 – Amosar interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica, iniciarse no seu uso, identificar o Antigo e Novo Testamento, participar na escoita activa de textos bíblicos, recoñecer personaxes e desenvolver estratexias de memorización de versículos.	TI	Escoita con atención o relato bíblico e amosa alegría polo Nadal.	50
CA8 – Coñecer accións e momentos da vida de Xesús, identificalos nos relatos, comprender aspectos básicos das súas ensinanzas e aplicalos a situacións da súa vida cotiá.	TI	Coñece o relato do nacemento de Xesús.	50

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C2.1 – Identificación da Biblia coma o libro a través do que Deus nos fala.
C2.3 – Escoita activa do relato bíblico.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C2.5 – Curiosidade por coñecer o que a Biblia ensina sobre Xesús.
C3.1 – Narración do nacemento de Xesús.
C6.1 – Recoñecemento do amor, coidado e fidelidade de Deus.
C6.2 – Expresión e comunicación de xeitos sinxelos de oración, gratitude, loubor e adoración.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
4	Deus fíxome único!	3

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1 – Amosar interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica, iniciarse no seu uso, identificar o Antigo e Novo Testamento, participar na escoita activa de textos bíblicos, recoñecer personaxes e desenvolver estratexias de memorización de versículos.	TI	Escoita con atención o relato bíblico.	30
CA7 – Recoñecer características específicas do ser humano que o diferencian doutros elementos da Creación e valorar a súa dignidade en calquera situación.	TI	Enumera formas en que pode coidar e desfrutar dos agasallos recibidos de Deus.	35
CA11 – Identificar trazos do propio desenvolvemento físico, mental, emocional e espiritual e anticipar implicacións do plan de Deus para as súas vidas.	TI	Amosa alegría o descubrir que Deus ten un propósito para a súa vida e confianza no seu coidado.	35

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C1.5 – Valoración da dignidade do ser humano por ser creado a imaxe e semellanza de Deus. Percepción do amor e do coidado de Deus.
C2.1 – Identificación da Biblia coma o libro a través do que Deus nos fala.
C2.3 – Escoita activa do relato bíblico.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C6.1 – Recoñecemento do amor, coidado e fidelidade de Deus.
C6.2 – Expresión e comunicación de xeitos sinxelos de oración, gratitude, loubor e adoración.
C6.3 – Identificación de características persoais de Deus: coñécame, mírame, óeme, fálame, axúdame...
C7.2 – Recoñecemento e valoración das normas bíblicas de relación: compartir, perdoar, servir...
C7.3 – Percepción do desenvolvemento físico, mental, emocional e espiritual como parte do plan de Deus para a súa vida.
C7.5 – Aceptación da identidade e características dos demais, seguindo as ensinanzas de Xesús: o mandamento do amor.
Día da paz.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
5	Viva a amizade!	4

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA12 – Amosar trazos do amor cristián ao próximo en distintas situacións tanto reais como simuladas por medio de expresións lingüísticas e non lingüísticas, asocialos a normas bíblicas de relación e valorar as actitudes persoais que implican.	TI	Amosa respecto e coidado cara aos demais e expresa gratitude polos amigos.	25
CA2 – Identificar personaxes significativos do Antigo Testamento e do Novo Testamento, distinguir os valores que manifestaron, investigar como Deus lles falaba e como eles falaban con Deus e utilízalos como modelo de conduta.	TI	Coñece a historia de David e Jonatán.	25
CA1 – Amosar interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica, iniciarse no seu uso, identificar o Antigo e Novo Testamento, participar na escoita activa de textos bíblicos, recoñecer personaxes e desenvolver estratexias de memorización de versículos.	TI	Escoita con atención o relato bíblico.	25
CA4 – Discriminar situacións e accións que son expresións do amor fraterno doutras que non o son e valorar a convivencia da Igrexa como familia da fe.	TI	Pon exemplos da forma de coidar ao seu próximo e discrimina situacións e accións que son expresións do amor fraterno doutras que non o son.	25

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C2.1 – Identificación da Biblia coma o libro a través do que Deus nos fala.
C2.3 – Escoita activa do relato bíblico.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C2.6 – Identificación de personaxes clave na Biblia, en especial nenos e nenas.
C5.2 – Coñecemento de trazos básicos de personaxes do Antigo Testamento.
C6.4 – Valoración da obediencia coma resposta ao amor de Deus.
C7.2 – Recoñecemento e valoración das normas bíblicas de relación: compartir, perdoar, servir...
C7.6 – Valoración de factores e prácticas cotiás que favorecen a saúde e a convivencia.
Día da amizade.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
6	O fermoso agasallo da familia!	3

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA12 – Amosar trazos do amor cristián ao próximo en distintas situacións tanto reais como simuladas por medio de expresións lingüísticas e non lingüísticas, asocialos a normas bíblicas de relación e valorar as actitudes persoais que implican.	TI	Pon exemplos de boas prácticas de convivencia familiar.	25
CA9 – Comprender os criterios bíblicos en relación coa familia e aplicalos a situacións concretas tomadas de exemplos bíblicos e de situacións cotiás.	TI	Expresa gratitude a Deus pola familia.	25

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C2.1 – Identificación da Biblia coma o libro a través do que Deus nos fala.
C2.3 – escoita activa do relato bíblico.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C4.1 – Expresión e comunicación de experiencias familiares: ler a Biblia, orar, celebrar festas...
C4.2 – Descubrimento de normas bíblicas referidas a familia: amor, respecto, honra, obediencia...
C4.4 – Identificación do seu rol familiar: colaborar, axudar, compartir...
C4.5 – Observación de familias que aparecen na Biblia.
C6.3 – Identificación de características persoais de Deus: coñéceme, mírame, óeme, fálame, axúdame...
C6.4 – Valoración da obediencia coma resposta ao amor de Deus.
C7.2 – Recoñecemento e valoración das normas bíblicas de relación: compartir, perdoar, servir...
C7.5 – Aceptación da identidade e características dos demais, seguindo as ensinanzas de Xesús: o mandamento do amor.
Día da familia.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
7	Unha relación especial	6

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA1 – Amosar interese pola Biblia como medio polo que Deus se comunica, iniciarse no seu uso, identificar o Antigo e Novo Testamento, participar na escoita activa de textos bíblicos, recoñecer personaxes e desenvolver estratexias de memorización de versículos.	TI	Valora a Biblia como medio polo que pode coñecer máis de Deus.	35
CA2 – Identificar personaxes significativos do Antigo Testamento e do Novo Testamento, distinguir os valores que manifestaron, investigar como Deus lles falaba e como eles falaban con Deus e utilízalos como modelo de conduta.	TI	Coñece a historia do rei Josías.	30
CA10 – Recoñecer distintas formas de relación con Deus (oración, gratitude, alabanza, etc.) asociadas a situacións da vida persoal en que se desenvolven e a elementos do carácter de Deus que as fan posibles.	TI	Expresa gratitude a Deus polos seus agasallos cotiás.	35

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C2.1 – Identificación da Biblia coma o libro a través do que Deus nos fala.
C2.3 – Escoita activa do relato bíblico.
C2.4 – Interese e respecto pola Biblia e as súas ensinanzas prácticas para a vida.
C2.6 – Identificación de personaxes clave na Biblia, en especial nenos e nenas.
C6.1 – Recoñecemento do amor, coidado e fidelidade de Deus.
C6.2 – Expresión e comunicación de xeitos sinxelos de oración, gratitude, loubor e adoración.
C6.3 – Identificación de características persoais de Deus: coñéceme, mírame, óeme, fáleme, axúdame...
C6.4 – Valoración da obediencia coma resposta ao amor de Deus.

Identificación da unidade didáctica

UD	Título da UD	Duración
8	Bo traballo!	3

Cráterios de avaliación

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos de consecución	Peso orientativo
CA12 – Amosar trazos do amor cristián ao próximo en distintas situacións tanto reais como simuladas por medio de expresións lingüísticas e non lingüísticas, asocialos a normas bíblicas de relación e valorar as actitudes persoais que implican.	TI	Amosa respecto e coidados cara si mesmos e cara aos demais.	25
CA6 – Amosar respecto cara o entorno natural, participar en actuacións relacionadas co seu coidado e facer propostas para tal fin.	TI	Enumera formas en que pode coidar a súa contorna.	25
CA7 – Recoñecer características específicas do ser humano que o diferencian doutros elementos da Creación e valorar a súa dignidade en calquera situación.	TI	Valora e respecta as diferencias cos compañeiros.	25
CA4 – Discriminar situacións e accións que son expresións do amor fraterno doutras que non o son e valorar a convivencia da Igrexa como familia da fe.	TI	Participa nos xogos con alegría e compañeirismo.	25

Lenda: TI = Táboa de indicadores.

Contidos
C1.4 – Enumeración de accións que axudan a coidar a súa contorna natural.
C1.5 – Valoración da dignidade do ser humano por ser creado a imaxe e semellanza de Deus. Percepción do amor e do coidado de Deus.
C6.1 – Recoñecemento do amor, coidado e fidelidade de Deus.
C6.2 – Expresión e comunicación de xeitos sinxelos de oración, gratitude, loubor e adoración.
C6.3 – Identificación de características persoais de Deus: coñéceme, mírame, óeme, fálame, axúdame...
C6.4 – Valoración da obediencia coma resposta ao amor de Deus.
C7.2 – Recoñecemento e valoración das normas bíblicas de relación: compartir, perdoar, servir...
C7.5 – Aceptación da identidade e características dos demais, seguindo as ensinanzas de Xesús: o mandamento do amor.
C7.6 – Valoración de factores e prácticas cotiás que favorecen a saúde e a convivencia.
Día do medio ambiente.

4. Metodoloxía:

4.1. Concrecións metodolóxicas.

Teranse en conta os seguintes principios básicos:

1. Proporcionar unha atención individualizada, partindo do nivel do alumno/a, das posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle permiten coa certeza de que van mellorar.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativos. Partindo de situacións reais e cercanas ao alumnado, que poidan construír sobre a base do que xa coñecen, reelaborando a súa experiencia, aplicando o que van aprendendo e desenvolvendo as súas competencias.
3. Posibilitar a aprendizaxe dos alumnos/as por sí mesmos, que o alumno/a sexa capaz de aprender a aprender.
4. Partir do máis concreto para chegar ó máis abstracto.
5. Crear climas emocionais positivos que faciliten o aprendizaxe e a seguridade dos alumnos, amosándolles respecto e interese polas súas necesidades e favorecendo o traballo colaborativo.
6. A participación activa do alumno en todo momento.
7. Fomentar a curiosidade e creatividade dos alumnos a través de xogos, experiencias, dramatizacións, manualidades...

4.2. Materiais e recursos didácticos.

- Música e cancións.
- Axudas visuais.
- Medios audiovisuais (Vídeo, proxector, pizarra dixital, tablet, beebot, aula virtual...).
- Apps: A Biblia dos nenos e SuperLibro.
- Libros de consulta: Biblia Infantil, Concordancias, Dicionarios Bíblicos, libros de historias bíblicas...
- Materiais varios de manualidades (tesoiras, lapis de cores, témperas, pegamento, cola, plastilina, cartolina, folios de cores...).
- Materiais de reciclaxe (revistas, periódicos, follas, tecidos...)
- O libro de texto que empregarán os alumnos será a Biblia, que asimismo servirá de guía ó mestre.
- Empregaranse ademais os materiais adecuados para o desenvolvemento de cada unha das Unidades Didácticas: xogos, atrezzo, ...

5. Avaliación:

5.1. Procedemento para a avaliación inicial.

Iniciaremos o curso cunha avaliación inicial a través de xogos de repaso que nos permitan comprobar que podemos continuar avanzando cos obxectivos propostos.

De ser necesario levaranse a cabo actividades de reforzo para aqueles alumnos que o precisen, non avanzando na materia ata ter interiorizada a aprendizaxe anterior.

Os alumnos serán coñecedores do proceso de avaliación e dos seus resultados para poder contribuir ao seu desenvolvemento personal, espiritual e social.

5.2. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación.

En canto aos criterios de cualificación, a nota da avaliación quedará determinada polos resultados obtidos na avaliación das unidades didácticas tendo en conta os criterios de avaliación, sendo necesario superar o 50% dos mesmos para a cualificación de aprobado.

A resposta actitudinal do alumno dacordo coa ética cristiá é totalmente libre e ninguén (excepto Deus) pode avaliála. Polo tanto, que un alumno non asuma voluntariamente unha actitude cristiá e bíblica ante un asunto particular en ningún caso poderá supoñer a cualificación de non apto.

6. Medidas de atención á diversidade.

- Adaptar as tarefas de ensinanza-aprendizaxe sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, exemplos e demostracións que poidan ver ou experimentar.
- Programar tarefas con distintos niveis de dificultade e axustadas as súas necesidades: tarefas de ampliación, de reforzo ou consolidación.
- Prestar a atención que cada un precise para o seu benestar e desenvolvemento persoal de xeito que consolide significativa e funcionalmente o seu aprendizaxe.
- Usar materiais distintos e variados para que tódolos alumnos e alumnas poidan implicarse segundo as súas posibilidades e o dominio que teñan das distintas formas de expresión.
- Se é posible polo número de alumnado traballar por equipos de xeito cooperativo.
- Igualmente flexibilizar tempos, materiais, procedementos e instrumentos para a avaliación.

7. Transversal:

7.1. Concreción dos elementos transversais.

A través desta materia potenciaranse aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a cooperación, a resolución de conflitos e o sentido crítico; e fomentárase o desenvolvemento dos valores cristiáns que promovan o amor, o respecto, a cooperación, a igualdade, a liberdade, a xustiza e a paz.

Ademais aproveitaremos os días que o centro adique especialmente o traballo dalgún tema transversal (Día contra a violencia de xénero, Día da Paz, Día da saúde, Día da muller, Día do Medio Ambiente...) para colaborar dende o ámbito desta área nas actividades programadas aportando o enfoque bíblico a cada un deles.

7.2. Actividades complementarias.

Non hai prevista ningunha actividade extraescolar relacionada coa materia de relixión para este curso.

En canto as actividades complementarias participaremos no desenvolvemento do PDI do centro: Maxia ou Ciencia? desenvolvendo pequenos experimentos acordes á materia a tratar.

8. Práctica docente:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

INDICADORES DE LOGRO	
PROGRAMACIÓN:	Respetouse a secuenciación e temporalización previstas. Os alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe propostos. Valoráronse as posibles melloras das unidades didácticas.
PLANIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE:	As medidas e recursos ofrecidos foron adecuados á diversidade do alumnado. Hai variedade de actividades propostas e son adecuadas para o desenvolvemento das competencias clave.
AVALIACIÓN:	Adaptouse o proceso de ensinanza e aprendizaxe as necesidades e intereses do grupo. Utilizáronse diversos instrumentos de avaliación. O alumnado e as familias son coñecedores dos avances logrados no desenvolvemento de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

A reflexión e valoración da programación e o seu desenvolvemento, permitirá o seu axuste co fin de establecer estratexias para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e o seu resultado.

A avaliación levarase a cabo ó rematar cada unidade e/ou cada trimestre, recollendo as modificacións e melloras que se consideren oportunas, para incluír na programación do curso seguinte.